

Plan de ORIENTACIÓN
CEIP Mestre Martínez Alonso.
CURSO 2021-2022

Índice

| | |
|--|---------|
| 1. Introducción. | Páx. 4 |
| 2. Xustificación | Páx. 5 |
| 3. Datos do Departamento de Orientación | Páx. 7 |
| 3.1 Constitución do D.O | Páx. 7 |
| 3.2 Horarios | Páx. 9 |
| 4. Enclave da Orientación do P.E. | Páx. 14 |
| 5. Análise das necesidades no noso centro | Páx. 15 |
| 5.1 Necesidades educativas detectadas. | Páx. 15 |
| 5.2 Alumnado com NEAE (2021-2022) | Páx. 16 |
| 6. Obxetivos xerais. | Páx. 18 |
| 6.1 Obxetivos referidos ao centro | Páx. 19 |
| 6.2 Obxetivos referidos ao profesorado. | Páx. 19 |
| 6.3 Obxetivos referidos ao alumnado. | Páx. 20 |
| 6.4. Obxetivos referidos ás familias | Páx. 21 |
| 6.5 Obxetivos referidos á colaboración con outras institucións. | Páx. 21 |
| 7. Plans de actuación no noso centro | Páx. 22 |
| 8. Medidas curriculares, didácticas e organizativas | Páx. 27 |
| 8.1 Medidas curriculares | Páx. 28 |
| 8.2 Medidas didácticas | Páx. 29 |
| 8.3 Medidas organizativas | Páx. 30 |

| | |
|--|---------|
| 9. Temporalización, recursos e criterios de avaliación | Páx. 35 |
| 10. Seguimento e avaliación do Plan de Orientación | Páx. 42 |
| 11. ANEXOS | Páx. 46 |

1. Introducción.

A orientación enténdese, segundo o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente na Orde que o desenvolve (24 de xullo de 1998), como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza no momento da escolaridade e remata ao finalizar as ensinanzas non universitarias. Tamén indica que forma parte esencial da actividade educativa, establecendo unha vía de asesoramento permanente ao profesorado e ás familias.

Compételle ao Departamento de orientación conforme o disposto nos artigos 12º e 13º da Orde do 24 de xullo de 1998 e conforme aos puntos sinalados no artigo 15º da mesma Orde, a realización deste Plan de Orientación, onde se recollen todos os programas, así como as medidas organizativas e curriculares que serven para facilitar unha resposta educativa axustada ás necesidades de todo o noso alumnado.

Dito Plan caracterízase pola súa flexibilidade e apertura, isto é, permite a incorporación de novas achegas e a adaptación a novas necesidades que vaian xurdindo ao longo do curso, e pretende atender aos principios básicos que han de guiar a planificación e desenvolvemento práctico da orientación educativa e profesional: planificación (débenlle levar a cabo actuacións planificadas con programas definidos e responsabilidades delimitadas, tendo en conta en todo momento dotalas da suficiente flexibilidade), prevención (carácter proactivo, diminuíndo así os factores de risco e contribuíndo á optimización dos procesos de ensinanza-aprendizaxe), sistematización (os problemas ou necesidades do alumnado son sistemas nos que inciden múltiples variables, individuais e contextuais relacionadas entre si), curricularidade (a orientación ha de estar integrada no currículo formando parte das distintas áreas/materias que o conforman, así como a súa planificación nos diferentes niveis, documentos de centro...), cooperación (debe ser compartida, precisando a

cooperación/colaboración e coordinación dos diferentes axentes...), desenvolvemento persoal (ha de ser unha orientación dirixida ao colectivo e a todos os niveis: afectivo, cognitivo..., trátase de lograr un desenvolvemento integral da persoa)

2. Xustificación.

O CEIP Mestre Martínez Alonso, encontrase situado en Mos, un municipio situado na provincia de Pontevedra, na Comunidade Autónoma de Galicia. Aséntase no val do río Louro, afluente do Miño que cruza o termo municipal de nordeste a suroeste, o que se lle une tamén o arroio Perral. Forma parte da comarca das Terras da Louriña. A poboación é case de 15.000 habitantes, nun área de 53,2 Quilómetros cadrados, repartidos en dez parroquias: Cela, Dornelas, Guizán, Louredo, Mos, Pereiras, Petelos, Sanguñeda, Tameiga e Torroso. Sendo a característica fundamental do clima de Mos, a existencia de dous microclimas ben diferenciados, un de montaña e outro de val.

As ensinanzas que se imparten no noso centro son as de Educación Infantil e Primaria, atendendo polo tanto a alumnado de idades comprendidas entre os tres e seis anos e de seis a doce respectivamente, conformando dúas etapas diferenciadas pero cun fío condutor. Asemade o noso centro está adscrito ao IES de Mos.

No curso académico 2021 / 2022 o centro conta coas seguintes unidades en función da etapa educativa:

- _ 5 unidades en educación infantil e
- _ 9 unidades en educación primaria

O horario é xornada única de mañá, tendo un recreo de 25 minutos (por quendas, por mor das medidas anti-COVID).

O centro conta cun total de 28 profesores.

| ETAPA | Nº | POSTO |
|----------------|-----------|--|
| EI | 5 | Especialistas de infantil (titoras) |
| | 1 | Mestra de apoio |
| EP | 10 | Especialistas de primaria (titores/as) |
| | 1 | Especialista en Educación Musical |
| | 2 | Especialistas en Educación Física |
| | 3 | Especialistas en Linguas estranxeiras: inglés |
| | 2 | (con redución de ½ xornada) |
| | 1 | Especialista en Relixión |
| EI / EP | 3 | Especialistas en pedagogía Terapéutica |
| | 1 | Especialistas en Audición e Linguaxe |
| | 1 | Orientadora |
| | 1 | Auxiliar coidadora |

O número de alumnado do colexio ascende os 284, repartidos de maneira bastante homoxénea entre as unidades existentes, incluíndo o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) que hai no centro, estando incuídos nos diferentes niveis.

3. Datos do Departamento de Orientación.

3.1. Constitución do departamento

O día 3 de Setembro de 2021, procedeuse á constitución do departamento de orientación do CEIP Mestre Martínez Alonso segundo sinala o artigo 4 de Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia; quedando constituído polos seguintes membros:

| CARGO | NOME |
|--|--|
| Xefatura do Departamento | Rosa M ^a Encinas del Arco |
| Mestra Especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) Mestra Especialista de Pedagogía Terapéutica (PT) | Esther Serrada Docampo Marta Da silva Pérez |
| Mestres Especialista de Audición e Linguaxe (AL) | Fabián Gallié Morigny |
| Praza de atención preferente PT | Marta Pedrosa Vázquez |
| Representante de Educación Infantil | M ^a Teresa Fernández Carrera |
| Representante de Educación Primaria e Xefa de Estudos | M ^a Teresa Pérez Fernández |

3.2. Horarios

A continuación, presentamos os horarios da orientadora e dos/as especialistas de PT e AL.

Por sesións de ORIENTACIÓN referímonos as seguintes actuacións: Elaboración de Actas, Informes e avaliacións psicopedagóxicas , seguimento e exploración do alumnado, preparación de materiais e reunións, realización dos diferentes plans e programas.

Horario da Orientadora: Rosa M^a Encinas del Arco

| HORARIO | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|-------------------------------------|-------------------------------------|-----------------------------------|------------------------------------|------------------------------------|
| 8:30 - 09:00 | Outras actividades (De 8:45 a 9:00) | Outras actividades (De 8:45 a 9:00) | <u>Garda de Transporte</u> | Outras actividades(De 8:45 a 9:00) | Outras actividades(De 8:45 a 9:00) |
| 09:00 - 09:55 | Garda de clase | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| 09:55 – 10:40 | Orientación | <i>Orientación</i> | Orientación | <i>Orientación</i> | Orientación |
| 10:40 – 11:30 | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| 11:30 –11:55 | Outras actividades | Recreo 1ºEP | Outras actividades | Recreo 1ºEP | Outras actividades |
| 11:55 –12:20 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| 12:20 - 13:05 | <i>Orientación</i> | Orientación | Dinamización | Orientación | Orientación |
| 13:05- 13:55 | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación | Orientación |
| 14:00- 14:15 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| TARDE | | | | | |
| 15:00 – 16:00 | | Reunións | | | |
| 16:00-17:00 | | Titorías | | | |

Horario da especialista de PT: D^a M^a Esther Serrada Docampo

| HORARIO | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|--------------------|--------------------|--------------------|--------------------|---------------------|
| 08:30-09:00 | | | | | Garda de transporte |
| 09:10 - 09:55 | Alumna de 2ºB | Alumna de 2ºB | Alumna de 2ºB | 5º B | Alumna de 2ºB |
| 09:55 - 10:40 | 2º B | E.I. 5 anos B | E.I. 5 anos B | Alumna de 2ºB | E.I. 5 anos B |
| 10:40 – 11:30 | 6º B | Alumna de 2ºA | 2º B | Alumna de 2ºA | Alumno de 5º B |
| 11:30 – 11:55 | | | | | |
| 11:55-12:20 | Hora de ler 1º | Hora de ler 2ºB | Hora de ler 1º | Hora de ler 2ºB | Hora de ler 1º |
| 12:20 – 13:05 | Alumna de 2ºA | 5º B | Alumna e 2ºA | 6ºB | 2ºB |
| 13:05 – 13:55 | Alumno de 5º B | 1º | Garda clase | 1º | Dinamización |
| 14:00-14:15 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| TARDE | | | | | |
| 15:00 – 16:00 | | Reunións | | | |
| 16:00-17:15 | | Titorías | | | |

Horario da especialista de PT: Marta Pedrosa Vázquez

| HORARIO | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|----------------------|------------------------------|----------------------------|------------------------------|------------------------------|
| 08:30-09:00 | | | <i>Garda de transporte</i> | | |
| 09:00 - 09:55 | Alumno 3º | Alumno 3º | Alumno 3º | Alumno 3º | Alumno 3º |
| 09:55 - 10:40 | 5ºA | Alumno 3º | 2ºA | 4º | Alumno 3º |
| 10:40 – 11:30 | <i>Alumno 3º</i> | 4º | 5ºA | 2ºA | 2ºA |
| 11:30-11:55 | <i>Recreo 3 años</i> | | <i>Recreo 3 años</i> | | |
| 11:55 – 12:20 | | <i>Hora de leer 3 años A</i> | | <i>Hora de leer 3 años B</i> | <i>Hora de leer 3 años A</i> |
| 12:20 – 13:05 | 2ºA | 3º | 3º | 4º | 4º |
| 13:05- 13:55 | 4º | 4º | Dinamización | Coordinación | Garda |
| 14:00-14:15 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| TARDE | | | | | |
| 14:45 – 16:00 | | Reunións | | | |
| 16:00- 17:00 | | <i>Titorías</i> | | | |

Horario da especialista de PT: Marta Da Silva Pérez

| HORARIO | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|--------------------|--------------------|---------------------|--------------------|--------------------|
| 08:30-09:00 | | | Garda de transporte | | |
| 09:00 - 09:55 | 4º | 4º | 4º | 4º | 4º |
| 09:55 - 10:40 | EI 3 anos | EI 3 anos | 6ºA | EI 3 anos | 5ºA |
| 10:40 – 11:30 | EI 3 anos | 5º A | Dinamización | 2º | 2º |
| 11:30 – 11:55 | DESCANSO | DESCANSO | DESCANSO | DESCANSO | DESCANSO |
| 11:55-12:20 | EI 5 anos B | 2ºA | EI 5 anos B | EI 5 anos A | EI 5 anos A |
| 12:20 –13:05 | Alumno 3º | Alumna 2ºB | Alumno 3º | Dinamización | Alumno 3º |
| 13:05 – 13:55 | 5ºA | Outras actividades | Alumno 3º | GARDA | Alumno 3º |
| 14:00- 14:15 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| TARDE | | | | | |
| 15:00 – 16:00 | | Reunións | | | |
| 16:00- 17:15 | | Titorías | | | |

Horario do especialista de AL: Fabián Gallié Morigny

| HORARIO | LUNS | MARTES | MERCORES | XOVES | VENRES |
|---------------|----------------------|--------------------|--|--------------------|--|
| 08:30-09:00 | | | Garda de transporte (unha semana si outra non) | | Garda de transporte (unha semana si outra non) |
| 09:00 - 09:55 | 1º | 2º A | 1º | 2º B | 1º |
| 09:55 - 10:40 | 3º | Dinamización | 3º | 5 anos A | Garda de clase |
| 10:40 – 11:30 | 5 anos A | 5 anos A | 4 anos A 5 anosB | 3º | 3º |
| 11:30 – 11:55 | Lectura 2º | Lectura 2º | | Lectura 2º | |
| 11:55-12:20 | | | Recreo 2º | | |
| 12:20 –13:05 | 4 anos B 4 anos A | 3º | 4 anos B | 5 anos B | 2º B |
| 13:05 – 13:55 | 4 anos A 2ºA | Outras actividades | 1º | Coordin. TIC | Garda de clase |
| 14:00- 14:15 | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades | Outras actividades |
| TARDE | | | | | |
| 14:45 – 16:00 | | Reunións | | | |
| 16:00- 17:00 | | Titorías | | | |

4. A orientación en relación co Proxecto Educativo de Centro.

Un dos principios da LOE/LOMCE é a atención a diversidade, que na nosa CCAA se desenvolve a través do Decreto 229/2011, do 7 de decembro e que a define como “o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa as diferentes características e necesidades, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o mundo”.

Por iso, partimos dunha escola inclusiva na que se teñen en conta que a diversidade enriquece, que garante o principio de equidade e de educación de calidade.

Cando falamos de alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ACNEAE) facemos referencia, seguindo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, a: “aquel que requira de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes as ordinarias por presentar: Necesidades educativas especiais, trastorno por déficit de atención ou hiperactividade, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía o sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar”.

O noso centro, polo tanto, debe dar resposta a estas necesidades tendo en conta os protocolos establecidos pola Consellería para eliminar todo tipo de barreiras e pretendendo en todo momento sacar o máximo proveito dos recursos persoais, materiais e organizativos dos que dispoñemos.

5. Análise das necesidades educativas do noso centro

5.1. Necesidades educativas detectadas

A atención á diversidade de todo o alumando do centro, concibindo a diversidade como unha característica intrínseca ao ser humano, que determina unha serie de diferenzas individuais, provocadas por determinados factores:

- ✓ Diferencias de aptitudes, capacidades, necesidades, intereses, ritmo de maduración e expectativas.
- ✓ Diversidade de situacións persoais e socioculturais (diferencias do contexto cultural no que se desenvolve o alumno, minorías étnicas, alumando inmigrante, ámbito rural, urbano, nivel sociocultural dos proxenitores...poden influír no acceso do alumnado ás tecnoloxías da información e comunicación (TIC).
- ✓ Diferentes niveis de competencia curricular e estilos de aprendizaxe.

A Atención á diversidade ten o obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada ás súas características e necesidades.

5. Obxetivos xerais

Atendendo ás demandas da comunidade educativa, e de acordo coas disposicións legais, trataremos de acadar os seguintes obxectivos:

- Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Apoiar a convivencia no centro coa implicación de toda a comunidade educativa.
- Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e na vida do centro.
- Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
- Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo dos alumnos e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
- Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo.
- Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

6.1 Obxectivos referidos ao centro

- Colaborar na revisión dos diferentes documentos do centro como o: PE, PAT, Plan de convivencia, Plan de Igualdade.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Cooperar coa comunidade educativa, (Equipo Directivo, profesorado, alumnado, AMPA, comisións de traballo, servicios sociais, gabinetes psicopedagóxicos...), favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.
- Participar e representar ao Departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Convocar e presidir reunións ordinarias e extraordinarias do Departamento levantando a correspondente acta da reunión.

6.2 Obxectivos referidos ao profesorado

- Colaborar na detección das necesidades educativas especiais e no tratamento das mesmas.
- Coordinar a actuación do profesor titor, o profesor de apoio ás NEAE, e cara a dar respostas axeitas ao alumnado.
- Coordina-lo proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ao alumnado e ás familias.
- Asesorar na elaboración das Adaptacións Curriculares Individualizadas así coma noutras mediadas ordinarias e extraordinarias que sexa preciso aplicar.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción titorial e orientación educativa.
- Colaborar na resolución das necesidades que teñan os/as tutores/as para levar a cabo a función titorial.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e

estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e titorial.

- Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.

Promover a coordinación entre os distintos cursos e etapas.

6.3 Obxectivos referidos ao alumnado

- Realizar avaliacións psicopedagóxicas dos alumnos e alumnas que as precisen.
- Coordinar a atención do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Contribuír á individualización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Procurar a inclusión do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás N.E.A.E.
- Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo no último curso da educación primaria.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, incardinadas no propio currículo.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con N.E.A.E., concretando as pautas de actuación e medidas para súa atención.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.
- Colaborar na estruturación dos Patios Colectivos a fin de lograr a inclusión de todos os alumnos no patio de recreo.

6.4 Obxectivos referidos ás familias

- Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma colectiva e individual co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con N.E.A.E.
- Ofrecerlles pautas concretas de actuación que favorezan a relación cos fillos e fillas.
- Continuar coa Escola de Familias “ *educANDO, familia – escola*”.

6.5 Obxectivos referidos á colaboración con outras institucións.

- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de orientación específico, Departamento de Orientación do IES.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

7.-Plans de actuación dende o DO

O proceso orientador articula os aspectos sociais e individuais da educación e contribúe a encontrar a función socializadora da escola no desenvolvemento integral dos alumnos.

Entendemos que a orientación educativa prestar asesoramento a calquera membro da comunidade educativa.

Accións a realizar dende o DO:

- Asesoramento na distribución do alumnado nos grupos de aula, a súa promoción, a elaboración de reforzos educativos, e AC.
- Partir das NEAE do alumnado, os recursos cos que se conte e as características do contorno, continuando cos programas e procedementos de actuación, así coma a oferta de servizos do centro. Igualmente colaborar cos servizos sociais e sanitarios da zona, co fin de facilitar unha actuación coherente cos obxectivos educativos correspondentes. (art. 38 e 43 da Orde do 27 de decembro de 2002).
- Deseño de medidas específicas de atención á diversidade do alumnado, axustando a resposta educativa ás necesidades particulares dos nenos e nenas, mediante as oportunas adaptacións curriculares, metodolóxicas e organizativas.
- Promover a coordinación do noso centro có IES de Mos para que as nosas actuacións sexan coordinadas e para axudar aos nenos e nenas nos momentos de transición ao Instituto, a través do "Proxecto Guíame".
- Colaboración na revisión e seguimento do Plan de Acollida para o alumnado que se incorpora por primeira vez ao Centro e para o novo profesorado.
- Realización do Plan Xeral de Atención a Diversidade, atendendo ó Decreto 229/2011, do 7 de Decembro.
- Continuaremos cos diferentes plans e programas, levados a cabo no curso anterior que se describen a continuación, así coma os que xurdan ao longo do curso.

Os Plans e proxectos que se levan a cabo dende o DO son os seguintes:

❖ **Escola de Familias: "educAndo, Familia-Escola"**

Pero este ano vaise traballar de diferente maneira pola situación vivida nestes momentos (covid-19) entón difundirase algún folleto informativo, mediante o blogue de Convivencia e charlas por diferentes ponentes por medio de Webex.

❖ **Plan de Medio Ambiente**

Que inclúe o reciclaxe de papel. A reciclaxe faise na clase e o profesor/a (titor/a) é o que vacía o punto de reciclaxe e o conserxe o leva. Este ano non se fai recollida de tapóns nin de ropa.

❖ **Plan de Acollida para o alumnado de Educación infantil.**

Este proxecto xurde para facilitar a integración e adaptación escolar ao alumnado que comezan por primeira vez no noso centro.

Neste momento dáse un cambio significativo na vida d, xa que empezan unha nova etapa que abrangue ir ao colexio e os cambios de hábitos que implica: horarios, ampliar o círculo social con persoas descoñecidas ata o momento... Por iso, é importante que os pais se preparen mentalmente para ditos cambios e non transmitan nerviosismo as súas crianzas para que estas vaian a escola coa confianza que os seus proxenitores depositan na institución e conseguir que este proceso de incorporación á escola sexa o máis agradable posible.

Con este Plan de acollida preténdese precisamente iso. Colaborar coas familias e coordinarnos con elas para darlles pautas de actuación fronte a esta situación que para eles tamén é nova e lles xera inquedanzas e inseguridades. Entre toda a comunidade educativa pódese crear un ambiente favorable para acadar con éxito este paso tan importante para os nenos e nenas.

❖ **Programa de transición de Infantil a Primaria.**

O desenvolvemento evolutivo é un proceso alométrico, é dicir, con grandes avances, retrocesos e estancamentos, pero sempre en constante evolución. O desenvolvemento dos distintos ámbitos como o físico, intelectual, afectivo e social, ven secuenciado por unhas etapas polas que pasan todos os individuos, si ben as influencias do contexto e as particularidades de cada crianza poden adiantar ou retrasar as adquisicións propias de cada estado evolutivo. Resaltar que o paso de un período ao seguinte acontece sempre de maneira gradual e nalgún momento conviven capacidades e limitacións de períodos contiguos.

Por todos os cambios que os nenos e nenas van vivir, nun espazo de tempo tan curto como é "un verán", tanto desde a Educación Infantil como desde o 1º Ciclo de Educación Primaria débese potenciar e desenvolver todas as posibilidades do alumnado e dotarlles das competencias, destrezas, actitudes... así como as adaptacións necesarias que faciliten a súa pronta integración na Educación Primaria.

Tendo en conta todo isto, o comezo do primeiro curso de Educación Primaria é percibido polo alumnado como un novo reto que debe afrontar e superar por sí mesmo. A adaptación á nova situación levaralles un tempo que, nalgúns casos, durará os primeiros meses e noutros todo o curso, pois cada suxeito ten o seu ritmo.

Por tanto, é imprescindible a estreita relación e coordinación entre os docentes que imparten Infantil 5 años e o profesorado que imparte o Primeiro Curso de Educación Primaria (tanto titores, como especialistas) para que o neno/a viva a transición de forma ordenada, secuenciada, progresiva, coherente e evitando cambios bruscos. E para aseguralo considérase convinte e necesario a existencia dun Programa de Tránsito, elaborado de forma conxunta e consensuada entre ambas etapas.

❖ **Proxecto Guíame (6ºEP), de transición de Primaria a Secundaria.**

O tránsito entre as dúas etapas é un dos momentos máis importantes na escolarización obrigatoria do alumnado. O desnivel é inevitable pero é un momento crítico. Comezar a etapa de Secundaria implica unha serie de cambios para o alumnado. A capacidade de adaptación é tamén un valor educativo, de aquí que sexa importante abordar a transición tamén desde unha perspectiva positiva, considerándoa como unha oportunidade para a aprendizaxe e crecemento. O que importa é que o paso de un nivel a outro sexa iso, unha transición e non unha ruptura, xa que esa gradación progresiva rómpese cando se acumulan moitos cambios e esixencias nun determinado momento. Todas as transicións educativas son delicadas, pero quizais esta o sexa especialmente, debido a unha serie de circunstancias que concorren e que poden incidir na historia escolar del alumnado. Co plan de transición pretendemos minimizar os principais cambios derivados do paso a etapa Secundaria.

❖ **Programa de estimulación á Linguaxe Oral en Educación Infantil.**

Dada a gran importancia que a linguaxe ten no desenvolvemento cognitivo, no proceso de socialización e na relación e comunicación humana, no noso centro cremos conveniente a elaboración dun Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral, que sirva ao profesorado de Educación infantil como un instrumento ordenado, que lle axude no ámbito da comunicación, e á vez realice unha labor preventiva para evitar os pequenos trastornos da fala que máis comunmente se adoitan atopar nos escolares.

Propónse como un elemento dinamizador do desenvolvemento da linguaxe e das capacidades cognitivas dos suxeitos, recoñecendo a aula coma o mellor espazo para crear ambientes comunicativos e o xogo como estratexia de intervención e elemento motivador. Está dirixido principalmente ao alumnado de Educación infantil (adaptando cada nivel o

grao de dificultade) e nos casos que sexa necesario e se solicite para o alumnado do 1º nivel de Educación primaria.

❖ **Obradoiro / programa para a adaptación do Centro a diferentes linguas (signos e pictos).**

Consideramos este programa coma unha ferramenta necesaria para cumprir co principio de inclusión; pois vimos a necesidade de pictografiar e signar o colexio para facer o centro máis accesible e adaptado ao noso alumnado con NEAE facilitando a súa autonomía nos seus desprazamentos polos espazos de todo o colexio, facendo partícipe a comunidade educativa, xa que se pretende amplialo fóra do propio colexio.

❖ **As relacións entre o alumnado coma mellora da convivencia.**

Colaboración co Equipo de convivencia para mellorar a convivencia no centro facilitando os datos obtidos e as estratexias a seguir despois de realizar co alumnado os sociogramas **(APLICACIÓN ATOPA)** en outubro/novembro e repetilos en abril.

8 .Medidas curriculares, didácticas e organizativas

8.1 MEDIDAS CURRICULARES:

Seguindo a Orde do 6 de Outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, tras a avaliación psicopedagóxica regulada na orde do 31 de outubro de 1996, as medidas tomadas son as seguintes:

- a) **Reforzo educativo:** Realizado polas especialistas de PT e AL, na aula ordinaria ou nas aulas específicas de PT e AL, segundo o caso, aos alumnos con necesidade específica de apoio educativo por presentar problemas de aprendizaxe.
- b) **Adaptacións curriculares significativas:** Medida extraordinaria, adoptada cos seguintes alumnos:

Un alumna de 2º de Educación Primaria

Un alumno de 3º de Educación Primaria

Criterios de priorización na atención individualizada aos alumnos por parte de PT e AL.

1. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo permanentes (con discapacidade intelectual, con déficit sensorial, con trastornos motóricos, con trastornos da personalidade...). NEE
2. Alumnado con ACI
3. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo transitorias (por vir doutro sistema educativo, pertencer a grupo desfavorecido, ter estado enfermo un período longo,...).

Nos grupos anteriores a orde de prioridade establecerase en función das necesidades e potencialidades, da competencia curricular e da adaptación á clase (determinadas estas pola avaliación psicopedagóxica).

4. Alumnado con retraso de aprendizaxe, sempre que a atención ó grupo anterior o permita, atendendo ó seguinte orde:

5.

- Desaxuste de 2 cursos ou máis con respecto á clase de referencia.
- Priorización dos niveis máis baixos.
- Se valorará o aproveitamento do apoio.

No caso de existir alumnado que precise RE e non poidese recibir o apoio especializado:

- Recibirao por parte do profesorado correspondente á área que precise reeducación e/ou reforzo, coa axuda técnica do profesorado de PT, AL, maila do DO.
- Pensarase na posibilidade de medidas organizativas diferenciadas como, por exemplo, agrupamento flexibles, desdobres, medidas que serán consensuadas polo profesorado implicado e xefatura de estudos.

Como regra xeral os apoios realizaranse dentro da aula e "excepcionalmente" fóra da aula, cando dentro da aula provoquen a desestabilización do resto do alumnado.

As excepcións que se consideran son:

- Que a reeducación precise de actividades e/ou recursos que funcionen como distractores de aula.
- Que a clase supoña un distractor tan forte na reeducación que a faga imposible.
- Que o currículo de referencia do alumnado que requira reeducación sexa distante de 2 cursos ou máis do de aula.
- Que a reeducación que se requira sexa tan específica que o grupo-clase non saque rendemento dela.
- Que sexa necesario agrupar os alumnos de distintos niveis e grupos e similares dificultades para aproveitar os recursos persoais.

8.2.MEDIDAS DIDÁCTICAS:

Son medidas con carácter preventivo, que fan que o proceso de ensino-aprendizaxe se adecúe á diversidade, estas medidas refírense aos tres niveis de concreción curricular.

a) O Currículo Prescriptivo: Primeiro nivel de concreción curricular, regulado no Decreto 130/2007 de 28 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma Galega, Real Decreto 126/2014, do 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria e Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) A concreción curricular no marco do Proxecto Educativo: segundo nivel de concreción curricular, coa adaptación do Currículo ás necesidades do centro educativo, as características propias do centro, e as necesidades intereses e ritmos de aprendizaxe do alumnado.

c) As programacións didácticas, como terceiro nivel de concreción curricular, que permiten adaptarnos as necesidades e características concretas de cada grupo de alumnos, respondendo á diversidade con estratexias como:

- A adaptación dos obxectivos: a flexibilización dos mesmos dentro dunhas marxes favorece que o alumnado atope maiores posibilidades para a súa consecución.
- Selección e priorización de contidos.

8.3.MEDIDAS ORGANIZATIVAS

O desenvolvemento das actividades deberá estar baseado no traballo cooperativo estruturado a través de:

Reunións colectivas: titores, coas familias, de ciclo, xuntas de avaliación, Departamento de Orientación, Claustro, Consello Escolar, ...

Reunións individuais con diferentes membros da comunidade educativa para intercambios de información, cooperación, ...

Detección temperá das posibles dificultades:

Realizarase en base á Orde do 23 de novembro de 2007. Ó longo do curso escolar os titores/as poñerán en práctica estratexias conducentes a:

- ❖ Detectar e previr condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe, solicitando o asesoramento necesario de se-lo caso.
- ❖ Organizar e dirixir as xuntas de avaliación dos alumnos do seu grupo nas que realizará unha síntese de:
 - ✓ Os logros acadados polo alumno con respecto á avaliación inicial e ás avaliacións anteriores.
 - ✓ A situación actual dos alumnos con N.E.A.E.
 - ✓ Os materiais empregados.
 - ✓ A metodoloxía aplicada.
 - ✓ A situación do grupo-clase.

Atención personalizada baseada na Acción titorial:

Accións das titorías:

- Os titores/as comentarán cos seus alumnos os dereitos e deberes que teñen, informaranos do funcionamento do Centro e tratarán de consensuar con eles unhas normas de convivencia específicas que irán acompañadas dos mecanismos de control necesarios, asustándose ó establecido no R.R.I.
- Proporcionaránlles ós seus alumnos información referente ó calendario escolar, horarios, atención ás familias, actividades extraescolares e complementarias, programas escolares e criterios de avaliación (inicial, formativa e sumativa).
- Tratarán de coñecer as características do seu grupo por medio da observación sistemática, sociogramas e outras técnicas grupais que lles poidan ser útiles.
- Deseñarán actividades específicas para mellora-la comprensión e a eficacia lectora.
- Axudarán ós seus alumnos para que adquiren procedementos axeitados de traballo intelectual.
- Procurarán que os alumnos adquiren e utilicen procedementos facilitadores da reflexión e da toma de decisións.
- Os titores de 6º poñerán en práctica estratexias encamiñadas a que os seus alumnos coñezan a estrutura do sistema educativo e das posibilidades de estudio a curto, medio e longo prazo.
Coordinar as actividades orientadoras e titoriais do Centro que afecten ó seu grupo.
- Participar activamente no P.A.T.
- Facilitar o traballo en equipo e a coordinación dos niveis, así como a canalización das propostas de acción conxunta a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Informar ó resto do profesorado do grupo titorizado sobre aspectos de relevancia que poden incidir na mellora do ensino-aprendizaxe e da integración grupal dos alumnos.

- Favorecer unha adecuada comunicación familia-Centro, comunicándolles o horario de atención e mantendo entrevistas persoais nas que lles informarán dos aspectos educativos dos seus fillos e así mesmo recabar a información necesaria para mellora-la situación escolar dos alumnos.

O Departamento de Orientación

Coordinarase cos titores, cos especialistas que imparten outras áreas no grupo e coas familias para unha pronta detección de posibles n.e.e. do alumnado, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas, que permitan levar a cabo unha rápida intervención.

A Orientadora propoñerá un modelo de intervención en cada caso e coordinará a actuación do profesorado de apoio, elevando ao Xefe de estudos a proposta de organización da docencia para **este alumnado**.

A Orientadora colaborará:

- Interactuando constantemente cos titores dado que son **estes** os responsables de controlar o desenvolvemento do proceso de aprendizaxe dos alumnos.
- Asesorando aos titores/as nas técnicas de modificación de conduta, co fin de establecer comportamentos idóneos e eficaces nos alumnos, que faciliten unha aprendizaxe escolar normalizada.
- Solicitando axuda dos titores e dos especialistas no ámbito da exploración de determinadas habilidades, xa que son os eles os que mellor poden observar e polo tanto coñecer algúns aspectos relevantes do comportamento dos alumnos tales como: atención, memoria, orientación espacial, aspectos sociométricos, aspectos de comportamento, relacións familiares, ...
- Desenvolvendo unha constante función asistencial con tódolos titores que soliciten unha valoración profesional.

- Establecendo reunións de traballo nas que se poidan someter a estudio aqueles termos de interese pedagóxico que redunden na mellora do proceso educativo do Centro en xeral e dos alumnos en particular.
- Axudando a que alumnos, profesores e familias descubran outros recursos de ensino, tecnoloxías, contidos, ... e se movan gradualmente cara os novos tempos.
- Aplicando probas individuais de comprensión e velocidade lectora.
- Realizando avaliacións psicopedagóxicas naqueles casos que se consideren oportunos, despois de escoitar aos titores, pais e outros profesores que incidan na educación do neno.
- Recomendando o tratamento axeitado dos nenos explorados.
- Asesorando sobre prioridades e tratamento dos alumnos con n.e.e.
- Asesorando aos titores na elaboración de reforzos educativos ou adaptacións curriculares.
- Coordinando a integración de nenos doutras nacionalidades e culturas.
- Informando ás familias do desenvolvemento da actividade asistencial do Departamento de Orientación nas reunións de pais de alumnos ao principio de curso.
- Establecendo contactos permanentes coas familias durante o curso escolar.
- Informando ás familias dos resultados das probas aplicadas e da problemática psicopedagóxica dos seus fillos.
- Facilitando a integración dos alumnos na súa aula e no conxunto da dinámica escolar.
- Coordinando o proceso de avaliación dos alumnos e asesorando e orientando sobre a súa promoción.
- Planificando un tempo para preparar e desenvolver actividades titoriais e para atender a grupos de nenos que presenten problemas condutuais.

- Informando ás familias dos resultados das probas aplicadas e da problemática psicopedagóxica dos seus fillos.
- Facilitando a integración dos alumnos na súa aula e no conxunto da dinámica escolar.
- Coordinando o proceso de avaliación dos alumnos e asesorando e orientando sobre a súa promoción.
- Planificando un tempo para preparar e desenvolver actividades titoriais e para atender a grupos de nenos que presenten problemas condutuais.

9. Temporalización, recursos e criterios de avaliación.

9.1 Actividades 1º, 2º, 3º trimestres

| ACTIVIDADES 1º TRIMESTRE | PRINCIPALES AGENTES RESPONSABLES DA SÚA REALIZACIÓN |
|--|--|
| Constitución e planificación das reunións do departamento de orientación | Xefatura DO |
| Estudar a posibilidade de adquisición de material e equipamento específico do DO | DO Xefatura DO |
| Revisión do Plan de Orientación para o curso 2019-2020 | DO |
| Organización dos apoios ao alumnado con NEAE realizados coa P.T. e A.L., así coma do profesorado con dispoñibilidade horaria | DO Xefa de estudos |
| Avaliación inicial do alumnado que comeza o curso | Profesorado DO (colaborador) |
| Desenvolvemento do plan de acollida | Profesorado DO (colaborador) |
| Estudo dos expedientes do alumnado de nova incorporación e recollida de información relevante. | Profesorado |
| Reunións / xuntanzas coas familias do alumnado NEAE | Profesorado DO |
| Programa de prevención de dificultades na linguaxe oral e articulación de fonemas en alumnado do 2º ciclo de EI | Profesorado de EI especialistas en AL |
| Estudo e análise das informacións obtidas nas avaliacións iniciais no alumnado de novo ingreso ao centro. Valoración de risco dunha NEAE | Profesorado Dirección DO |
| Estudo de demandas dos mestres cara a información e asesoramento en temas que xurdan no proceso e – a | Profesorado DO |
| Proposta de apoio ao alumnado con NEAE | PT / AL Profesorado |
| De ser preciso, realizacións de avaliacións psicopedagóxicas en función das prioridades e solicitudes feitas. Revisión, seguimento e / ou valoración da necesidade de realizar ACS | Xefatura do DO Claustro |

| | |
|--|--|
| Revisión e seguimento das ACS | <ul style="list-style-type: none"> ✓ Realizan: titores e especialistas de área da adaptación ✓ Colaboran: especialistas de PT y AL ✓ Asesora: orientadora |
| Se é preciso axudar na elaboración de solicitudes e certificados para a solicitude de becas en función da convocatoria | Dirección |
| Detectar as necesidades, realizar actividades encamiñadas á integración e cohesión grupal. | Titores Profesorado |
| Realizar o seguimento do PXAD | Dirección (todo o ano) |
| Proposta de organización para a atención o alumnado por parte dos especialistas de PT e AL para o alumnado con NEAE | PT / AL (realización) DO (proposta) Dirección (control) |
| Planificación da acción tutorial | Xefe de estudos Titores DO Coordinador de nivel |
| Organización e dinamización da escola de familias “Educacndo: familia-escola” | Xefatura do DO DO Equipo de Convivencia |
| Reunión CCP segundo convocatoria | Profesorado dirección |
| Sesións de avaliación do alumnado | Profesorado DO |
| Aplicación informática do drdadi | Xefatura do DO |

| ACTIVIDADES 2º TRIMESTRE | PRINCIPALES AXENTES RESPONSABLES DA SÚA REALIZACIÓN |
|---|---|
| Reunión do departamento de orientación | D.O |
| Reunión CCP, segundo convocatoria | Profesorado Dirección DO |
| Seguimento do apoio ao alumnado con NEAE | PT AL Profesorado DO |
| De presentarse a necesidade, informacións de temas relacionados coa orientación ou en aspectos do proceso de ensino-aprendizaxe | DO Profesorado |
| Seguimento dos programas de traballo a desenvolver co alumnado NEAE (continuación do traballo realizado no 1º trimestre) | Titores PT AL |
| De ser preciso derivación e realización de avaliación psicopedagóxica | Profesorado DO |
| Inicio do Proxecto guíame para a transición da etapa de primaria á ESO | Xefatura do DO Titores e especialistas de 6º EP Dirección |

| ACTIVIDADES 3 ^{er} TRIMESTRE | PRINCIPALES AXENTES RESPONSABLES DA SÚA REALIZACIÓN |
|---|---|
| Estudos dos resultados da avaliación do 2º trimestre | Profesorado Xefatura do DO |
| Reunión do departamento de orientación | DO |
| Reunións CCP, segundo convocatoria | Profesorado Dirección, Orient. |
| Sesión de avaliación do alumnado | Profesorado DO |
| Seguimento as medidas de atención á diversidade | DO Xefe de estudos Dirección |
| Avaliación das medidas de atención á diversidade | DO Xefe de estudos Profesorado |
| De ser preciso, avaliación psicopedagóxica en función das prioridades e solicitudes feitas, para o alumnado que o precise. Estudio dos resultados máis destacables. | DO Profesorado |
| Programa de prevención de dificultades na linguaxe oral e articulación de fonemas en alumnado do 2º ciclo de EI | Especialistas en AL |
| Seguimento dos programas de traballo a desenvolver co alumnado NEAE (continuación do traballo realizado no 2º trimestre) | Titores PT AL |
| Reunións para a valoración das actividades realizadas polo DO | DO |
| Colaboración no “Programa de Acolida e Período de Adaptación” para E. Infantil. | Especialista de EI Dirección DO |
| Continuidade co Proxecto guíame para a transición da etapa de primaria á ESO | Xefatura do DO Titores e especialistas de 6º EPDirección |
| Aplicación informática do DRD orienta | Xefatura do DO |
| Elaboración da memoria da concreción anual do PXAD | Xefatura do DO DO (colaboración) |
| Elaboración da memoria final do POA | Xefatura do DO DO (colaboración) |

9.2 Calendario de reunións:

Este Departamento manterá **reunións semanais** , co mestre de AL e mestras de PT de cara a coordinar o traballo que se levará a cabo, e para informar sobre a evolución do alumnado atendido por estes especialistas.

Manteranse **reunións mensuais** de todos os compoñentes do Departamento de Orientación previa convocatoria formal aos compoñentes do mesmo, nelas realizarase o seguimento do Plan de Orientación e proporanse as modificacións que se consideren pertinentes para adecualo ás necesidades do contexto.

Ademais celebraranse as reunións que sexan propostas ao longo do curso.

Reunións periódicas coas titorías, equipos docentes:

Terán lugar ao longo do curso programadas pola Xefa de Estudos, serán reunións dos equipos docentes cara á revisión ou elaboración de Adaptacións Curriculares Significativas, reunións cos titores e titoras, etc; computaranse como reunións do departamento, levantando a correspondente acta e informando da orde do día a aqueles membros do Departamento que non estivesen presentes.

9.3. Coordinación

O Departamento De Orientación manterá unha dobre coordinación:

Interna : Xefatura de Estudos , titores , departamentos , mestras de PT e AL.

Externa : co Instituto de Mos, con Inspección, co Equipo de Orientación Específico, coas familias, cos Servizos Sociais do Concello de Mos, co CFR, cos servizos do SERGAS (Logopeda...), ..., cos gabinetes aos que aísiten os nosos alumnos e que gozan de beca de NEAE.

9.4 Recursos

- **Recursos persoais:** Coidador, mestres titores, mestras especialistas en PT e AL, xefatura de estudos, dirección do centro, EOE, Departamento de asuntos sociais do Concello e Centro de Formación e recursos do profesorado de Vigo (CFR).

- **Recursos materiais e organizativos,** PE , PAT, PLAN DE CONVIVENCIA, probas psicopedagóxicas, expedientes do alumnado, material escolar de reforzo, documentos sobre a lexislación educativa vixente, ...
- Departamento de Orientación conta cun espazo físico propio, (Despacho do Dto. de Orientación), dotado de:
 - * Mobiliario: mesa de reunións, mesa de despacho, dous móbeis estaterías, armario archivador.
 - * Equipo informático
 - * Material e bibliografía específica para consultas sobre as tarefas propias do mesmo.
- Dúas aulas de Apoio de Pedagogía Terapéutica equipadas con equipo informático, mesas e cadeiras de alumnos, mesa e cadeira da profesora, estanterías, encerado, material didáctico.
- Aula de Audición e Linguaxe, equipada con equipo informático, mesas e cadeiras de alumnos, mesa e cadeira de profesor, encerado, espello.

9.5 Criterios de avaliación

A avaliación formativa realizarase ao remate de cada trimestre ao longo do curso e adoptaremos as medidas correctoras que sexan necesarias despois de reflexionar conxuntamente sobre as actividades realizadas, os logros acadados e os aspectos que se deben mellorar.

Ó remate do curso faremos unha avaliación final sumativa que permita determinar o grao de consecución dos obxectivos programados e das actividades realizadas.

Os resultados desta avaliación final constituirán o punto de partida para o curso que ven e quedarán reflectidos na memoria final do Departamento de Orientación, acompañada de propostas de mellora.

10. Seguimento e avaliación do Plan.

Cos datos subministrados polos implicados no deseño e desenvolvemento do Plan de Orientación (Departamento de Orientación, titores e mestres), e polos destinatarios das distintas actuacións (mestres, alumnos e pais), elaborárase unha memoria a final de curso.

Esta memoria non se entende tanto como unha descrición exhaustiva das actuacións levadas a cabo, senón como unha síntese reflexiva sobre os logros acadados e as dificultades atopadas, e os aspectos que será necesario modificar no plan cara o curso vindeiro.

O seguimento e avaliación do desenvolvemento do Plan será dun xeito continuo, pero realizarase máis minuciosamente ao final do curso.

Os procedementos e instrumentos que se utilizarán serán os seguintes:

- Reunións do Departamento de Orientación, xefe de estudos, coordinadores de ciclo e titores.
- Sesións de avaliación.
- Intercambios orais ou entrevistas cos destinatarios das intervencións.
- Análise dos niveis de participación nas actividades realizadas.
- Contraste de experiencias e autoavaliación por parte dos titores.
- Aplicación dun cuestionario a todo o claustro sobre a acción titorial e o funcionamento do Departamento de Orientación.
- Os criterios de avaliación do Plan de Orientación estarán en función dos distintos obxectivos programados para os diferentes ámbitos de actuación.

Como indicadores da avaliación podemos cita-los seguintes:

- ✓ Adecuación ás necesidades dos seus destinatarios.
- ✓ Adecuación das metas e obxectivos previstos inicialmente e das actividades realizadas.
- ✓ Adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles.
- ✓ Grao de participación nas actividades.
- ✓ Adecuación na temporalización programada para as distintas actividades.
- ✓ Grao de implicación de tódolos responsables no desenvolvemento da atención á diversidade, desenvolvemento da acción tutorial e dos programas de intervención.

En definitiva, coa avaliación do Plan de Orientación e do funcionamento do Departamento pretendemos:

- ✓ Mellorar durante o curso o asesoramento e apoio prestado a titores, mestres, alumnos e familias.
- ✓ Adecuarse ás demandas dos distintos ámbitos de intervención, tras coñecer-las necesidades.
- ✓ Coñecer-la efectividade das intervencións realizadas e revisar aqueles aspectos (obxectivos, estratexias de intervención, recursos, actividades...) que son susceptibles de mellora.

ANEXOS

1.-

PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO E RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO REPETIDOR OU QUE PASA DE CURSO CON ALGUNHA ASIGNATURA SUSPENSA

(ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.)

1.- DATOS DO/A ALUMNO/A:

- Apelidos:..... Nome:
- Data de nacemento: Idade:
- Titor:.....Curso:..... de Educación

2.- HISTORIA ESCOLAR - PRINCIPAIS DIFICULTADES ATOPADAS NO PROCESO DE ENSINANZA APRENDIZAXE

.....
.....
.....
.....
.....

3.- DATOS DA ACTUACIÓN DESENVOLTA

- **Temporalidade das medidas adoptadas:**

- Curso: 20 -20 dende ata

- **Medidas adoptadas (rodear o que proceda):**

- Apoio PT - Apoio AL - Reforzo educativo do profesor da área

Nº de sesións con apoio (se é o caso): 1 2 3 4 5 horas á semana.

Agrupamento na aula de apoio: - Individual - Pequeno grupo (2-3-4)

- **Outras (especificar):**

- **Materiais:**

| Comp. Lingüística | | | Comp. Matemática | | | Outros aspectos | | | | |
|-------------------|------------|-----------|------------------|---------------------|-------------------------|-----------------|---------|------------|---------------|---------------------|
| Lectura | | Escritura | Cálculo Mental | Operacións escritas | Resolución de problemas | Presentación | Esforzo | Motivación | Comportamento | Relación cos demais |
| Comprensión | Velocidade | Entoación | | | | | | | | |
| | | | | | | | | | | |

- Materiais comúns

- Adaptación de materiais comúns

- Material dun nivel inferior ao seu curso.

- Outros (especificar)

- **Avaliación:**

- Avaliación normalizada

-Avaliación adaptada (modificando as técnicas, os procedementos, os instrumentos)

4.- DIFICULTADES NA AVALIACIÓN FINAL

(Puntuadas do 1 ao 5, sendo 1 a puntuación inferior)

5.- MEDIDAS A DESENVOLVER

- **Buscar o compromiso dos pais** para que o alumno conte durante o curso cunha persoa que lle poda axudar.
- Reforzo por parte do titor e o profesor con disponibilidad horaria.
- Ofreceráselles ás familias a posibilidade de que o alumno asista a **clases de apoio** dende o inicio do curso.
- Manter **entrevistas periódicas** entre o titor e as familias, coa posibilidade de que poda asistir algún membro do Departamento de Orientación para analizar os avances e dificultades do alumno.
- Dende as titorías facer un esforzo especial para ter un **seguemento exhaustivo** e constante dende o inicio do curso: información a pais, coordinación cos profesores de apoio...
- Nomear a un **responsable** que poda confirmar periódicamente que o alumno anota os deberes e traballos na axenda en caso de ser necesario.

- Estructurar formalmente a primeira (e sucesivas) entrevistas entre o profesorado e a familia explicando a evolución do alumno.
- Valoración do DO, pendente da evolución en función dos criterios do titor.

6.- OBSERVACIÓNS

.....

.....

.....

2.-

PLAN DE ATENCIÓN Á ALUMNOS CON:

**TEA
TEL
DISLEXIA
CONDUCTA NEGATIVISTA
TDAH**

PLAN DE INTERVENCIÓN DAS ESPECIALISTAS DE PT /AL.

PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS CON TEA

XUSTIFICACIÓN

Tratase de dar resposta ós alumnos con necesidades educativas especiais por TEA, seguindo os principios de Individualización, Normalización e Inclusión cos cales conseguírase a inclusión destes alumnos da maior forma posible.

OBXECTIVOS

- Flexibilizar de tempos.
- Empregar materiais de apoio.
- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Procurar a inclusión do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
- Fomentar habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, incardinadas no propio currículo.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro e no seu entorno sociocultural.
- Adecuar a axuda pedagóxica e a metodoloxía ás necesidades do momento e aos resultados da avaliación.
- Realizar actividades de reforzo, consolidación e ampliación.
- Potenciar o seu desenvolvemento integral dentro das súas posibilidades
- Acadar os obxectivos básicos establecidos para cada un dos alumnos nas distintas programacións en cada unha das seguintes áreas: Persoal e Social, Adaptativa, Desenvolvemento psicomotor, Linguaxe e Comunicación e Cognitiva.

- Incluir ao alumnado nas actividades cotiás da escola (festas, excursións , festivais etc..)
- Promover a concienciación do resto de alumnado e profesorado respecto ao trastorno de espectro autista.

ACTIVIDADES

- Metodoloxía TEACCH
- Secuencia diaria do que se vai facer ao longo do día.
- Secuencia do que se vai a traballar na mesa. Esta labor faise mediante o sistema de bandexas de cores para aumentar si cabe a súa autonomía
- Secuencia do que se traballa na asamblea.
- Secuencia do que se realiza nas sesión das distintas especialidades (psicomotricidade, música, inglés, alternativa e taller de A.L.)
- Secuencia para as diferentes saídas ou actividades complementarias que se realizan durante o curso.
- Reforzo con pictogramas na entrada pola mañá e no xogo no patio.
- Elaborouse diferente material específico manipulable para el como un sistema de identificación de emocións, puzzles, material de lóxica matemática e de lectoescritura.
- Cóntase tamén cunha Tablet mercada polo centro escolar empregada para traballar determinados aspectos curriculares e tamén como soporte para secuenciar determinadas actividades mediante a aplicación Araword.

RECURSOS

- Valémonos dun temporizador (reloxio de área ou tablet), dun gomet no chan ou a súa propia foto para axudarlle a marcarlle os tempos de atención nas diferentes actividades. Tamén se conta cun lugar específico para gardar aqueles obxectos que trae de casa e que recolle ao marhar.
- Cóntase na aula dun recanto de relaxación na aula así como tamén de diferente material sensorial (botellas, caixas e bolsas sensoriais,

elementos con area, etc.)

TEMPORALIZACIÓN Durante todo o curso.

PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS CON TEL

XUSTIFICACIÓN Trátase de dar resposta ós alumnos con Trastorno específico da Linguaxe , seguindo os principios de Individualización, Normalización e Inclusión cos cales conseguírase a integración destes alumnos da maior forma posible.

ESTRATEGIAS DE INTERVENCIÓN

- Sentar a alumna na primeira fila, cerca do profesor, mantendo o contacto ocular e evitando estímulos distractores.
- Nas tarefas, nos exames, asegurarnos que comprendeu a tarefa, pedíndolle que nos diga o que ten que facer, facéndolle preguntas do que se explicou anteriormente (mellor se son preguntas con opción alternativa).
- Procurar que os exames sexan ás primeiras horas da mañá, xa que a medida que avanza o día, o esforzo que ten que realizar é moito maior. Non poñer máis de un examen por día, e a poder ser, que os exames sexan esparcidos.
- Reforzar o esforzo, e darlle seguridade e tranquilidade para que ela confíe na súa execución.
- Utilizar os apoios visuais para axudarlle na comprensión e na organización, podendo utilizar tamén preguntas escritas.
- Autoinstrucións para a organización das tarefas, exámenes....
- Anotar os deberes que hai que realizar nunha esquina da pizarra,

para que a alumna poda copialo. Adecuar o volumen de deberes as capacidades dos alumnos. Anotalos na folla de rexistros para favorecer a coordinación entre os profesores.

RECURSOS

TEMPORALIZACIÓN Durante todo o curso.

PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS CON DISLEXIA

XUSTIFICACIÓN

Tratase de dar resposta ós alumnos con Trastorno específico da Linguaxe , seguindo os principios de Individualización, Normalización e Inclusión cos cales conseguírase a integración destes alumnos da maior forma posible.

Localización do alumno/a na aula

O máis cerca posible do profesor e da pizarra, xa que facilita unha atención máis focalizada, máis dirixida e a supervisión

METODOLOXÍA

- Comprobar sempre que o alumno comprendeu o material escrito que vai a manexar.
- Explicarllo verbalmente (a tarefa de descifrar o escrito e o problema fundamental do alumno, polo que si explicamos verbalmente estamos usando un medio de información (linguaxe falado), que si coñece.
- alumno estará informado de cando sí e cando non leerá en voz alta na clase (cada tres ou catro semanas podese plantexar e acordad co alumno una lectura sua en voz alta na clase. Darlle tempo para que a prepare na casa.Non dar textos longos.

- Pode ser importante , según actividade, que o alumno esté rodeado dos compañeiros con mais facilidade para a lectura e escritura e estar pendente de que realice aportacións ao grupo
- Tratar de ser menos esixente na ortografía e na puntuación(el non automatiza as regras ortográficas aínda que as coñeza a nivel teórico)
- Non deixar nunca que corrixa el só un dictado nin aun compañeiro(os erros cometidos non serán recoñecidos polo alumno si o profesor non llo di)
- Comentar co alumno persoalmente a corrección por escrito dos exercicios realizados na clase(evitar a corrección sistemática de todos os erros, facer fincapi nos que se estén a traballar.
- Suavizar as connotación negativas da corrección, non tachar...)
- Non limitar a súa actividade a tarefas simples, sinón dosificar e que estén a seu nivel.
- Pedirlle menos deberes para casa.
- Non dudar de repetir e explicar as cousas as veces que sesa necesario. Facerlle saber que pode preguntar sobre todo aquilo que non comprenda (repetirle as cousas sin que soe a sermón ou castigo)
- Moi importante fixarnos si temos a súa atención posta en nos cando explicamos, contacto visual.
- Asegurarse que entendeu as tarefas.
- Escribir e escoitar simultaneamente pode resultarle moi difícil(o ritmo do dictado debe ser inferior ao resto de compañeiros).
- Uso de esquemas e gráficos nas explicacións de clase permitenlle ao alumno unha mellor comprensión e favorece una mellor funcionalidade da atención.

AVALIACIÓN

- **Avaliación Abundante na avaliación oral**
- **Exames ou probas escritas:**

- Esta poderíase facer mediante preguntas que impliquen respostas de clasificar, rellenar con V/F, completar frases....
- Darlle máis tempo para organizar seus pensamentos e traballo.
- Evaluar os seus progresos en comparación con el mesmo.
- Comprobar sempre que o alumno comprendeu o material escrito que vai a manexar.
- Explicarllo verbalmente (a tarefa de descifrar o escrito e o problema fundamental do alumno, polo que si explicamos verbalmente estamos usando un medio de información (linguaxe falado), que si coñece.

TEMPORALIZACIÓN

Durante todo o curso.

PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS CON CONDUCTA NEGATIVISTA

XUSTIFICACIÓN

Tratase de dar resposta ós alumnos con UNHA CONDUCTA NEGATIVISTA, seguindo os principios de Individualización, Inclusión cos cales conseguírase a integración destes alumnos/AS da maior forma posible.

En relación á conducta.

XENERALIDADES

- Ter en conta que a conduta do alumno/a ten un carácter contextual, e polo tanto a intervención non poderá limitarse a unha abordaxe individual.
- Así mesmo, recordar que as accións deberán realizarse de maneira sistemática e prolongada no tempo, que é necesario ir axustando as estratexias ós resultados que se vaian obtendo e que para que se produzan cambios na conduta será necesario un período de intervención consistente.

Localización do

- Situado na aula xunto cos seus compañeiros/as, formando parte dalgún dos grupos.

| | | |
|------------------------|-----------|--|
| EXAMES | OU | - Realizar os exames pregunta a pregunta. |
| PROBAS ESCRITAS | | - Deixar máis tempo. - Facelos en dúas partes, con menos actividades. - Empregar diversas técnicas de avaliación : potenciar respostas orais, actividades da libreta |

| | |
|------------------------------|------------------------------|
| TEMPORALIZA- CIÓN | Durante todo o curso. |
|------------------------------|------------------------------|

PROGRAMA DE ATENCIÓN A ALUMNOS CON TDAH

| | |
|---|--|
| XUSTIFICACIÓN | Tratase de dar resposta ós alumnos con TDAH, seguindo os principios de Individualización, Inclusión cos cales conseguírase a integración destes alumnos/s da maior forma posible. |
| Localización do alumno/a na aula | <ul style="list-style-type: none">• Debe estar sentado cerca da mesa do profesor e ao lado de compañeiros/as que lle sirvan de modelo de tranquilidade.• Debe evitarse a proximidade a portas, fiestras,...• En actividades individuais, deberá ocupar una mesa separada, orientada cara a mesa do profesorado.• Enriba da mesa só estarán os materiais que necesite para realizar a tarefa.• O remate da tarefa recollerá e gardará os materiais.• Manter un ambiente estruturado e con rutinas predecibles. |
| Realización de actividades | <ul style="list-style-type: none">• Alternar actividades teóricas con traballo práctico.• Utilizar estratexias para captar a atención inicial como cambios de entonación..• Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.• Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente.• Conseguir a colaboración dun compañeiro/a responsable, para que lle axude a comprender e a realizar as tarefas.• Non sobrecargar de tarefas para a casa, e seleccionar ben aquelas que se consideren máis importantes. |
| | <ul style="list-style-type: none">• Antes de empezar, asegurarse de que atende. |

| | |
|---|--|
| Estratexias expositivas | <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar frases curtas e claras. • Manter o contacto visual e permanecer cerca. • Utilizar estímulos visuais e modificar o ritmo da exposición, coas debidas pausas. • Implicala ou implícalo, promovendo a súa participación con preguntas sinxelas. |
| Uso da axenda | <ul style="list-style-type: none"> • Supervisarse pola familia e polo profesorado, tratando de que o alumnado aprenda a usala. • Servir para que o profesorado escriba diariamente algo positivo e poderanse mencionar, a continuación, aspectos que hai que mellorar. • Usarse para que as familias e o alumnado coñezan, con antelación, as datas dos exames... |
| Estratexias para controlar e mellorar a conducta | <ul style="list-style-type: none"> • Permitir momentos de descanso, como levantarse, borrar o encerado, repartir cadernos. • Utilizar puntos para conseguir premios ou incentivos. • Establecer consignas non verbais co alumnado para advertilo do incumplimento dalgunha norma. • Evitar acusación, ridiculización, etiquetaxe moral ou estigmatización. • Facer contratos de conducta adaptados á idade do alumnado. |
| EXAMES OU PROBAS ESCRITAS | <ul style="list-style-type: none"> • Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación. • Que os exames escritos sexan curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo. • Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos. • Alternar a forma de presentación das cuestión que ten que responder o alumnado(de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías). • Deixar máis tempo para os exames ou probas escritas, incluso dividilas en dúas sesión, e ser flexible na súa duración. • Presentar escrito o texto dos exames, salientando as partes máis importantes de cada cuestión. • Deixar suficiente espazo entre as preguntas, e supervisar a súa |

comprensión e execución.

TEMPORALIZACIÓN Durante todo o curso.

PLAN DE INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA EN PT

XUSTIFICAIÓN Trátase de dar resposta ás situacións de dificultade, retraso escolar dun alumno ou alumna en relación ó seu grupo, mediante a acción educativa mais axeitada, coa finalidade de diminuír as carencias existentes.

OBXECTIVOS

- Coñecer a situación de partida destes nenos/as a nivel curricular.
- Decidir as adaptacións que se deberán introducir nas programacións de aula para atender as necesidades detectadas.
- Aplicar unha atención individualizada a cada necesidade.

ACTIVIDADES

- Exploración inicial da situación do/a alumno/a.
- Adopción das medidas de atención en función das características particulares: reforzo educativo ou ACS.
- Introducción na programación de aula de actividades e medidas organizativas favorecedoras da atención á diversidade.

| | |
|------------------------|---------------------------------------|
| | |
| TEMPORALIZACIÓN | Todo o curso, todos os niveis. |

PLAN DE INTERVENCIÓN DA ESPECIALISTA EN AL.

| | |
|---------------------|---|
| XUSTIFICAIÓN | <p>Vimos observando que un gran número de problemas escolares poden ser atribuídos ó fracaso nalgún aspecto da área da linguaxe dentro do proceso educativo.</p> <p>Analizando as necesidades do alumnado co que traballamos, propoñémonos intervir a tres niveis: preventivo, estimulador e corrector.</p> |
|---------------------|---|

| | |
|-------------------|--|
| OBXECTIVOS | <ul style="list-style-type: none"> • Prever e corrixir posibles alteracións lingüísticas no ámbito escolar e familiar. • Favorecer o desenvolvemento dos procesos de comprensión e expresión lingüística. • Correxir posibles problemas ou alteracións que xurdan nos aspectos lingüísticos. • Estimular a linguaxe oral como base das aprendizaxes da lectoescritura. |
|-------------------|--|

| | |
|-----------------|--------------------------------------|
| CONTIDOS | Agruparanse do seguinte modo: |
|-----------------|--------------------------------------|

1. COMPRENSIÓN E EXPRESIÓN ORAL

2.- FONÉTICA E FONOLOXÍA

3. PRE-LECTURA E LECTURA

4. PRE-ESCRITURA E ESCRITURA

5. PRODUCCIÓN DE TEXTOS (ORAIS E ESCRITOS)

ACTIVIDADES

- 1. Colaboración na avaliación dos nenos que presenten dificultades de linguaxe.**
- 2. Realización dun Taller de estimulación da linguaxe oral na aula de 5 anos.**
- 3. Reeducación individualizada do alumnado que presente necesidades educativas de linguaxe.**

TEMPORALIZACIÓN

O Taller levarao a cabo a profesora especialista en AL ao longo do curso nunha sesión semanal.

A duración da atención individualizada dependerá da evolución de cada neno/a.

